



Concello de Cangas

"SOLICITUDE DE ENTREVISTA CO CONSELLEIRO DE SANIDADE "

O Alcalde Xosé M. Pazos e o Concelleiro de Servizos Sociais, Sanidade e Igualdade Tomás Hermelo solicitan unha reunión co Conselleiro de Sanidade Jesús Vázquez Almuíña

Cangas, 30/12/2016

O Alcalde do Concello de Cangas Xosé M. Pazos e o Concelleiro de Servizos Sociais, Sanidade e Igualdade Tomás Hermelo, como representantes da veciñanza canguesa e máximos responsables do Consello Municipal de Saúde (C.M.S.) acaban de solicitar unha reunión co Conselleiro de Sanidade Jesús Vázquez Almuíña como máximo responsable da sanidade galega.

O recente C.M.S. integra a máis de 30 persoas que representan a todos os sectores políticos e sociais do noso concello, así como as persoas responsables dos centros de Atención Primaria e do Servizo de Control de Riscos Alimentarios, colectivos veciñais e asociacións de promoción ou defensa da saúde.

Unha das primeiras tarefas asumidas polo C.M.S. é a realización dun estudo pormenorizado e análise da situación actual en materia de sanidade do nos concello. Por este motivo foi solicitada esta entrevista dentro dos dous primeiros meses do ano 2017.

Gabinete de comunicación